


PRESENTACIÓN DO LIBRO

**Presentación o mércores 18 de maio de 2011, ás 20.00 h,
na Biblioteca de Poesía “Uxío Novoneyra”
(Pazo de Vila Melania, Vilaboa).**

Participan:

**Celestino Poza Domínguez, concelleiro de Cultura.
Miguel Anxo Fernán Vello, poeta e editor.
Carlos Pereira Martínez, historiador.
Eva Veiga Torre, autora.**

**Edificio de Servizos Múltiples (O Burgo)
Tfno: 981665597 Fax: 981661748
Email: servizosmultiples@gmail.com**



***A FRECHA AZUL DO TEIXO,
DE EVA VEIGA TORRE***

Presentación

A Biblioteca de Poesía “Uxío Novoneyra” de Culleredo acolle a presentación do libro *A frecha azul do teixo*, da poeta Eva Veiga Torre, publicado por Espiral Maior.

Aínda que temos contado coa presenza de Eva Veiga noutros actos en Culleredo, esta é a primeira ocasión na que falaremos da súa obra poética.

Agardamos poder compartir coas persoas amantes da poesía esta velada, que de seguro resultará do voso agrado.

Estades convidados/as.

Celestino Poza Domínguez
Concelleiro de Cultura

Datos biográficos

Eva Veiga Torre naceu en Ombre (Pontedeume) en 1961. Xornalista e poeta, é licenciada en Filoloxía Inglesa pola Universidade de Santiago.

En 1985 comeza a traballar na Televisión de Galicia, onde desenvolve unha polifacética e intensa actividade profesional, sobre todo na dirección e presentación de programas culturais, durante sete anos, en programas como “Entre Nos”, “De Pérfil”, “Mesa Reservada”, “Galicia no Tempo”...). Neste eido foi dúas veces Premio TP e Premio Galicia de Comunicación. Presentou e dirixiu tamén para televisión a serie documental sobre a historia da arte galega “Galicia no Tempo”, programa que foi galardoado co Premio do Colexio de Arquitectos de Galicia e co Premio de Honra da UNESCO.

Respecto da prensa escrita, tamén traballou no xornal *El Ideal Gallego* en 1985 e, en *El Correo Gallego*, mantivo un artigo semanal, baixo o epígrafe “Daquela maneira”.

Cursou estudos de dirección de cine e de teatro con J. A. Bardem e Leonid Roberman, respectivamente.

Realiza cartafoles de gravados e poemas co artista Alfonso Costa, como *Paisaxes do baleiro*. Ten tamén publicado varios relatos, poemas e textos sobre arte en diversas revistas e libros colectivos e participa nas actividades do grupo de artistas “Cultura Solidaria Galega”, vinculado á ONG “Acción contra a Fame”.

Co grupo “Ouriol” ten preparado varios espectáculos poético-musicais con actuacións por toda Galicia. Asimesmo imparte obradoiros de poesía e ten participado en diversas edicións de “Encontros coa Pintura e Poesía” organizados pola Deputación da Coruña ou os concellos de Culleredo e Brión.

Ten publicados os seguintes libros de poesía:

Fuxidíos (1993, accésit Premio Esquíu).

Paisaxes do Baleiro (1999).

Pedra Insomne (2002).

A luz e as súas cicatrices (2006).

Desconcerto (2006).

Nesta hora imposible (2010).

A frecha azul do teixo (2010).

Tamén poética é a súa visión de Compostela no libro *Santiago de Compostela. Cidade de Peregrinación* (2002).

